



CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE OUTEIRO DE REI (LUGO). NOVAS ACHEGAS

Fernando Arribas Arias , José Manuel Blanco Prado

I. Introducción

Castelao dicía que detrás de cada cruceiro hai unha historia, que pode ser de desgraza, de ofrecemento, de devoción, de contacto coas ánimas, de enterramento ou de penitencia. Mais unha historia que deu orixe a esa obra que, xunto con outras moitas espalladas por toda a xeografía do país, conforma unha das manifestacións máis importantes da nosa arte popular (Rodríguez, 1975). Esta mostra da devoción popular xurdiu, segundo Castelao e Vicente Risco, como consecuencia do proceso evolutivo da cruz ao longo dos anos. Esta usouse inicialmente como proceso de cristianización dos antigos cultos pagáns, reflectidos nas augas, nas pedras, nas árbores... Logo, incorporouse ao Camiño de Santiago servindo de guía ao camiñante. Tamén puido usarse como elemento profiláctico da peste, que afectou a toda Europa —incluída Galicia— a mediados do século XIV, a famosa peste negra (Arribas, 2021, p.17).

Desde unha óptica histórica, cómpre facer mención a que, aínda que xa había algúns cruceiros denantes do século XVI¹, porén foi o ambiente relixioso creado a partir da contrarreforma² o que posibilitou o seu desenvolvemento. Así, os bispos posteriores ao Concilio de Trento impulsaron e fomentaron o seu desenvolvemento por medio das constitucións sinodais, como as do bispado de Ourense de 1622 e as do bispado de Lugo de 1675. Non obstante, cando se vai producir un maior auxe na súa difusión vai ser nos séculos XVII-XVIII debido á devoción ás ánimas e á validez das indulxencias para redimir as penas³. Posteriormente, nos séculos XIX e primeira metade do XX hai un relevante impulso na erección destas expresións artísticas como consecuencia dun incremento da piedade popular reflectida nas devocións marianas; no culto ao Sagrado

1 O cruceiro é unha creación gótica, ligada ás nocións místicas das ordes mendicantes —dominicos e franciscanos—, que fomentan o culto á cruz.

2 Trátase do movemento relixioso que xorde no Concilio de Trento (1545-1563), que tiña como finalidade opoñerse á reforma protestante de Martiño Lutero (1515).

3 Trátase de ideas emanadas do Concilio de Trento (1545-1563) e da Contrarreforma. Tanto acadar indulxencias como outro tipo de oracións e ofrendas realizadas polos vivos servían para redimir as penas das almas que estaban no purgatorio.

Corazón; no rezo do Santo Rosario (Burgoa, 2003, p. 59). Finalmente, xa moi entrado o século XX e no actual asistimos a unha perda dos códigos culturais polos que se erguían os cruceiros. E así as funcións devocional, impetratoria, penitencial, fúnebre... que posuían os cruceiros vai ser substituída, as máis das veces, por unha función ornamental que se reflecte na maior vistosidade que van adquirindo os lugares onde se realizan, como casas de campo, chalés e determinados espazos de carácter público.

En canto á estrutura do cruceiro, cómpre sinalar unha serie de elementos que, nunha orde ascendente, son: o baseamento ou plataforma, a base ou pedestal, o fuste ou varal o capitel e a cruz. No entanto, estes elementos aínda que son propios destas manifestacións artísticas, mostran tamén importantes diferenzas.

II. Cruceiros do municipio de Outeiro de Rei (Lugo)

1. Algúns trazos xeográficos e históricos sobre o municipio

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2023 este municipio lucense posúe unha poboación de 5.359 habitantes, que está distribuída en 204 entidades de poboación que forman parte de 27 parroquias⁴. A súa superficie é de 134,2 km². O núcleo central do municipio, Outeiro de Rei, dista uns 13 km do centro da capital provincial, coa que se comunica pola autovía do noroeste (AE) e tamén pola antiga estrada N-VI. Os lindes deste municipio son os seguintes: polo norte limita cos municipios de Begonte, Cospeito e Rábade; polo sur, co municipio de Lugo; polo oeste, co municipio de Friol; e polo leste, co municipio de Castro de

Rei. Pertence á comarca de Lugo, que ten unha superficie de 1.365,6 km² e aglutina ademais os municipios de Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Portomarín e Rábade, sendo Lugo a capital da comarca.

Desde unha óptica xeomorfolóxica, o seu trazo esencial é a súa planitude, ao estar situado no interior da meseta lucense; polo tanto, a súa altitude media é de 400 metros.

No aspecto histórico, este territorio comezou a poboarse na antigüidade no Paleolítico (Silvarrei) para continuar no megalitismo (4000-2000 a. C. coa proliferación de mámoas e medorras (medorra da Pedra dereita de Martul) e, logo, coa poboación castrexa (800 a. C.-100 d. C.) asentada en varios castros (castro de Candai...) (Díaz. 1993, p. 952). Posteriormente, os romanos deixaron a súa pegada na vía romana XX (Braga-Astorga), así como nalguna posible *villae* na parroquia de Vilela. Cos suevos a maioría do ámbito territorial quedou integrado no condado de Superata (Sobrada). Despois da invasión musulmá, o bispo lucense Odoario repoboou lugares situados nas parroquias de Parada, Silvarrei e Cela. Na Baixa Idade Media (s. XI-XV), as terras deste municipio dependeron do poder do señorío laico (conde de Lemos) e do eclesiástico (bispados de Lugo e Mondoñedo), que non se viron libres das revoltas irmandiñas da segunda metade do século XV. Nesta terra xurdiron algunhas das liñaxes nobiliarios de Galicia, como os Gaioso, os Montenegro e os Aguiar. Co paso dos anos, foi desaparecendo o antigo réxime e naceu o municipio constitucional de Outeiro de Rei, que dependeu nos seus inicios do partido xudicial de Vilalba. Logo, no ano 1835, acadou a súa consolidación definitiva e xa pasou a depender do partido xudicial de Lugo⁵.

Desde unha perspectiva económica, a principal fonte de ingresos ata a década dos setenta do século pasado procedía da actividade agraria. Non obstante, a partir do ano 2021⁶ houbo un cambio importante a nivel sectorial na poboación activa. Así, na actualidade o sector servizos⁷ pasou a ocupar o 70,17 % da poboación traballadora. O sector secundario representa


5 Equipo “Ir Indo”: *Galicia en Comarca. Lugo*, n.º 15, Vigo : Ed. Ir Indo, 2005, páx. 141.

6 Instituto Galego de Estatística.

7 Integrado no sector terciario, podemos incluír actividades ligadas ao comercio, hostalaría, transporte, sanidade, educación, administración pública, servizos de ocio...

o 22,92 % da poboación devandita, que podemos desdobrar nun 16,45 % para a actividade industrial⁸ e un 6,47 % na construción. Finalmente, o sector primario representa o 6,74 % da poboación ocupada⁹.


2. Mapas de localización



8 Cómpre distinguir tres núcleos de industrialización: Guillar, onde hai maior concentración de empresas. O parque empresarial de Outeiro de Rei, onde se encontra Coren, Norpresa, Ingapan, carpintaría metálica Ben Alonso. Robra, onde radica a Láctea Corporación Alimentaria Peñasanta, etc.

9 Neste sector hai un predominio da gandaría sobre a agricultura, que máis ben está dedicada ao autoconsumo. En canto ao gando, hai un predominio do gando bovino orientado ao leite sobre o de carne. Malia o descenso das explotacións gandeiras, hoxe hai unha tendencia á estabilidade.

3. Debuxo dun cruceiro¹⁰



10 Antonio Figueroa Paz foi o autor dos mapas de localización e tamén do debuxo dun cruceiro.

4. Análise sobre os cruceiros de Outeiro de Rei

Neste municipio podemos distinguir 18 cruceiros, distribuídos por parroquias do seguinte xeito:

Cruceiros de Outeiro de Rei	
Parroquias	Cruceiros
Arcos (San Pedro)	Cruceiro de Bullas
	Cruceiro da Igrexa
Aspai (San Cibrao)	Cruceiro de Santa Comba
Caboi (San Martiño)	Cruceiro da Igrexa
Candai (San Vicente)	Cruceiro do cemiterio
Cela (Santa María)	Cruceiro de Meidonín
	Cruceiro de Quintián
Gaioso (Santiago)	Cruceiro do campo da feira
	Cruceiro da Lama
Guillar (San Martiño)	Cruceiro de San Martiño
Martul (San Pedro)	Cruceiro interior da Igrexa
Parada (San Xoán)	Cruceiro de Gondai
	Cruceiro de San Paio
Taboi (San Pedro)	Cruceiro de San Marcos
Vicinte (Santa María)	Cruceiro de Bravos
	Cruceiro de Vicinte
Vilela (Santiago)	Cruceiro de Vilela Grande
	Cruceiro de Vilela Pequena

Desde unha óptica artística, tanto o cruceiro do cemiterio de Candai como o de Vilela Pequena teñen pouca relevancia, de aí que non fagamos unha análise deles. Non obstante, ambos os dous teñen unha peculiaridade esencial, xa que son cruceiros de lembranza colectiva ou individual. Así, o cruceiro do cemiterio de Candai, foi erixido pola parroquia en recordo de oito veciños da comunidade, que finaron na contenda civil española. Así mesmo, o cruceiro de Vilela Pequena é tamén un recordo familiar e veciñal na honra de Manuel Gallego.

Con respecto aos cruceiros dos que levamos a cabo unha análise, imos facer alusión a uns trazos diferenciais que establecen unha clara distinción duns cruceiros en relación con todos os que hai tanto neste municipio como na súa bisbarra. Deste xeito, a nivel artístico, os cruceiros de Caboi e de Martul posúen unha sección circular no fuste; ademais, o de Caboi amosa unhas acanaladuras cos extremos redondeados. Os cruceiros do campo da feira (Gaiosos) e o de Vilela Grande (Vilela) mostran unha sección circular nos dous brazos da cruz e presentan un carácter leñoso, polos nós¹¹ que teñen no seu desenvolvemento. Desde unha óptica ornamental, podemos aludir aos cruceiros de Quintián (Cela) e Bravos (Vicente), nos cales o mesmo canteiro tallou directamente na cruz as efixies cristolóxica e mariana; ademais, en ambos os dous cruceiros hai unha epígrafe coas letras en relevo na parte inferior das caras oeste e sur do fuste, cando o habitual é que o contido da inscrición estivese gravado; así mesmo é mester sinalar a roseta de seis pétalos e un círculo con raios que flanquean a imaxe mariana (fig. 1).

Outros motivos decorativos, claramente diferenciadores, son os cordóns de hábito que penden das arestas do capitel do cruceiro do campo da feira (Gaiosos); tamén cómpre sinalar neste mesmo cruceiro as dúas figuras, que flanquean a imaxe de Cristo na cruz, así como a que se encontra baixo os seus pés. Así mesmo, o número 34, colocado na parte superior da cara sueste do fuste; a numeración no fuste aparece nalgúns cruceiros chairegos, e podía representar o número de cruceiros que levaba construídos un canteiro ou ben unha escola deles. Outros ornatos que marcan a diferenza son: unha custodia na parte superior da cara sur do fuste no cruceiro de Santa Comba (Aspai); as follas de acanto do capitel dos cruceiros de Caboi e Vilela Grande (Vilela) —neste último hai que salientar tamén

unha vieira no capitel—; así mesmo, unhas esvásticas na parte superior de dúas caras do fuste do cruceiro de Meidonín (Cela). Finalmente, dous motivos escultóricos en relevo: san Roque e a flaxelación de Cristo; o primeiro situado na parte inferior da cara oeste da base do cruceiro de Meidonín (Cela) e o segundo na parte inferior da cara sueste do fuste do cruceiro do campo da feira (Gaiosos).



Fig. 1. Cruz do Cruceiro de Bravos (Vicente). Imaxe: F. Arribas.

En canto á datación dos cruceiros, sabemos polas súas peculiaridades que hai cruceiros do século XVIII¹². Non obstante, atendendo aos cruceiros que teñen explicitada a súa data na base, no fuste ou no capitel, po-

demos sinalar o seguinte: os máis antigos pertencen ao cruceiro de San Marcos (Taboi): 1816, e ao cruceiro de San Martiño (Guillar): 1840. Logo, hainos do último terzo do XIX; é o caso dos cruceiros de Bullas (Arcos): 1883; Meidonín (Cela): 1885; Santa Comba (Aspai): 1897. Tamén de principios do século XX, como o cruceiro do campo da feira (Gaiosos): 1900.

4.1. Cruceiro de Bullas

Esta manifestación relixiosa, de carácter popular, forma parte do lugar de Bullas, parroquia de Arcos. Amosa unha orientación oeste-leste e as súas coordenadas UTM son X=621.190/Y=4.777.660. Está situado ao carón da estrada a Castro de Ribeiras de Lea e no interior dun terreo particular, propiedade da Casa Varela. Desde unha óptica artística, está formado por unha serie de elementos claramente diferenciados e colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito (fig. 2):



Fig. 2. Cruz, capitel e detalle do fuste do cruceiro de Bullas (Arcos). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma granítica de tres chanzos que serve de soporte a unha base monolítica composta de tres tramos: o inferior, de forma paralelepípeda¹³; o superior, de forma troncopiramidal¹⁴ cos bordos superiores redondeados; e un tramo medio que une os anteriores e que está formado por unha moldura cóncava¹⁵ ou caveto invertido. A base amosa unha inscrición nas caras leste e oeste; a da cara oeste é ilexible, pero na cara leste pode lerse a seguinte epígrafe:

Construído a expensas de Ramón cura... en el año de 1883

A base prolóngase nun fuste monolítico de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara oeste está ornamentada en relevo cos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha lanza e unha escaleira de dez banzos¹⁶. A parte superior das caras está decorada cun rebaixe cuadrangular que amosa o relevo dun rombo cun roel¹⁷ no centro e catro flanqueando os seus vértices. Sobre o fuste apóiase un capitel de forma troncopiramidal invertida que está enfeitado con volutas¹⁸ nos vértices superiores das arestas e cabezas de querubíns¹⁹ nas súas caras. O cruceiro remata nunha cruz latina de sección cuadrangular, mais coas arestas²⁰ biseladas²¹; ademais, mostra un tipo de cruz florenciada²² nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso²³, baixo unha cartela anepigráfica²⁴, mostra unha efixie cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da

13 Corpo xeométrico limitado por seis paralelogramos, sendo os opostos iguais entre si. Paralelogramo: cuadrilátero cos lados opostos iguais entre si.

14 Relativo á parte da pirámide que se obtén facendo un corte por un lado paralelo á base.

15 Forma que amosa a superficie curva cara ao interior.

16 Cada un dos pasos dunha escaleira.

17 Peza decorativa redonda en forma de moeda.

18 Adorno en forma de espiral.

19 Na relixión xudeocristiá, anxo da primeira xerarquía.

20 Recta formada polo encontro de dous planos.

21 Rebaixado, cortado no bordo.

22 Cruz que ten os seus remates abertos de xeito curvilíneo.

23 Cara principal da cruz.

24 Sen inscrición.

11 Imitan a parte avultada no talo das plantas ou do tronco das árbores.

12 É o caso dos cruceiros de Caboi (San Martiño), de Quintián (Cela) e Bravos (Vicente).

cruz, mais separados dela, igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans están abertas; o perizoma²⁵ está anoado ao lado dereito; e as pernas, flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso presenta unha advocación mariana, vestida cunha túnica e manto, e colocada sobre unha peaña²⁶.

4.2. Cruceiro da igrexa de Arcos

Esta expresión relixiosa, de dominio público, pertence ao lugar do Cruceiro, parroquia de Arcos. Posúe unha orientación nordeste-suroeste e as súas coordenadas UTM son X=621.100/Y=4.775.200. Está situada nun cruzamento de camiños. No seu conxunto amosa a nivel artístico unha serie de partes diferenciadas e que nunha orde ascendente están colocadas da seguinte maneira:

Unha plataforma granítica de tres chanzos: o inferior, parcialmente enterrado. A plataforma úsase como soporte a unha dobre base:

A inferior, antiga, monolítica, granítica, consta dunha serie de tramos que, nunha disposición ascendente, están colocados do seguinte xeito: un tramo paralelepípedo; un tramo formado por unha moldura cóncava ou mediacana²⁷; un tramo cunha moldura cóncavo-convexa a xeito de talón invertido; un filete amplo²⁸; e un pequeno tramo paralelepípedo cos seus bordos oblicuos. A superior, moderna (produto dunha restauración), está formada por unha peza troncopiramidal de cemento. A parte superior e inferior da base mostra unha inscrición onde soamente pode lerse (fig. 3):

| LO IZO JOSEP LOP ARIAS

25 O pano de pureza que amosa Cristo no seu ventre no intre de crucificalo.

26 Base ou apoio para colocar por riba unha figura.

27 Semicírculo cóncavo.

28 Elemento decorativo, de sección cadrada ou rectangular.



Fig. 3. Cruceiro da igrexa (Arcos). Imaxe: F. Arribas.

Por riba da base, o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular na parte superior e oitavado no resto. A parte superior amosa un rebaixe cuadrangular con dous rombos concéntricos²⁹ no seu interior; ademais, a cara nordeste está ornamentada co relevo dos símbolos da paixón, dispostos nunha orde descendente da seguinte maneira: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, un látego, unha espada e unha escaleira na cal unicamente se contan nove banzos, xa que está parcialmente tapada pola peza de cemento que une o fuste coa base moderna. O fuste serve de soporte a un capitel provisto dunha moldura cóncavo-convexa que amosa ademais unhas volutas

29 Figuras xeométricas que teñen o mesmo centro.

nos vértices superiores das arestas e unha cabeza de anxo en cada cara. O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto; así mesmo, ten un tipo de cruz florenciada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso da cruz mostra unha imaxe cristolóxica coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; as súas mans aparecen abertas; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha incipiente V, mais separados dela, igual que a cabeza, o lombo e as pernas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, algo flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra unha advocación mariana —posiblemente unha Dolorosa—, vestida cunha túnica e manto sobre unha peaña, decorada con motivos xeométricos.

4.3. Cruceiro de Santa Comba

Esta mostra relixiosa, de carácter popular e de dominio privado, encóntrase no lugar de Santa Comba, parroquia de Aspai. Ten unha orientación sur-norte e as súas coordenadas UTM son X=607.730/Y=4.769.290. Está situado ao carón da Casa de Bernadelo. No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos que, nunha orde ascendente, están colocados do seguinte xeito (fig. 4):



Fig. 4. Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma granítica de tres chanzos. Esta serve de soporte a unha base, que mostra os seguintes tramos nunha disposición ascendente: un tramo inferior, de forma paralelepípeda; logo, unha moldura cóncava que se prolonga nunha moldura convexa ampla³⁰; como remate, o tramo superior corresponde a unha peza nomeada ábaco. Nas caras da base hai unha serie de epígrafes onde figura que este cruceiro o mandou construír Manuel Ferreiro Candal, crego de Distriz (Vi-

30 Podemos considerar a unión desa moldura cóncava coa moldura convexa como un talón ou cima reversa.

lalba) no ano 1897; ademais, tamén queda reflectido como o bispo de Lugo concedeu indulxencias a todos os fregueses que recen diante do cruceiro. Así, na cara sur lese a seguinte epígrafe (fig. 5):

POR REZAR CU / ALQUIER ORACIÓN /
APROBADA POR LA / IGLESIA ANTE ES / TAS
EFIGIES



Fig. 5. Detalle da base do cruceiro de Santa Comba (Aspai). Imaxe: F. Arribas.

A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto; a cara sur está ornamentada por unha custodia e os símbolos da paixón; estes amosan a seguinte colocación nunha orde descendente: unha columna, tres cravos, unha espada, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de dez banzos; a parte superior das outras caras está decorada cun rebaixe cuadrangular que mostra no seu interior un rombo; este presenta un roel inscrito e dous flanqueando os vértices superior e inferior das arestas. O fuste utilízase como soporte dun capitel de forma troncopiramidal invertida; está ornado por volutas nos vértices superiores das arestas e unha cabeza de anxo en cada cara. Como remate, unha cruz latina³¹, de sección cuadrangular nos extremos e biselada no resto; así mesmo, mostra un tipo de cruz florenciada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso³² da cruz presenta, baixo unha cartela anepigráfica³³, unha efíxie cristolóxica coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito;

31 Cruz que ten o brazo vertical maior.

32 Cara principal.

33 Que non posúe inscrición.

os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando un lixeiro V, mais separados dela, igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra unha advocación mariana da Dolorosa, vestida cunha túnica e manto e colocada sobre unha peaña.

É propiedade da Casa de Bernadelo de Santa Comba, onde no século XIX viviu un irmán de Manuel Ferreiro Candal.

4.4. Cruceiro de Caboi

Esta manifestación relixiosa, de índole popular e dominio público, forma parte do lugar da Igrexa, parroquia de Caboi. Posúe unha orientación oeste-leste; e as súas coordenadas UTM son X=611.320/Y=4.773.750. Está colocado nun cruzamento de camiños, preto da igrexa parroquial. Trátase dunha obra de finais do século XVII ou comezos do XVIII³⁴. Desde unha óptica artística, está composto dunha serie de partes diferenciadas dispostas nunha orde ascendente da seguinte maneira (fig. 6):

Unha plataforma granítica, de dous chanzos; o superior está roto nun dos seus extremos. Esta serve de sostén a unha base formada por catro tramos, colocados nunha orde descendente do seguinte xeito: un tramo inferior, paralelepípedo; logo, unha acusada moldura cóncava en escocia³⁵; unha pequena moldura cóncava; e un tramo superior, cunha moldura convexa a xeito de bocel ou toro. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección circular na parte superior e con acanaladuras cos extremos redondeados no resto. O fuste úsase como soporte dun capitel de forma troncocónica invertida; a súa parte superior está composta dun ábaco e a inferior por un colariño moi acusado, que o separa do fuste; segundo Laredo Verdejo, sería un astrágalo de bocel³⁶; está decorado nunha orde descendente polos

34 *El Progreso de Lugo*, 11-IV-2013. Arribas Arias. Cruceiros senlleiros da Provincia de Lugo. Cruceiro de San Martiño de Caboi (Outeiro de Rei).

35 Moldura cóncava, continua, composta de dúas curvas de distinto raio.

36 Semicírculo convexo.

seguintes ornatos: volutas nos vértices superiores das arestas, cabezas de querubíns nas súas caras e follas de acanto en dúas ordes. No cume do cruceiro, unha cruz latina, de sección circular nos dous brazos; amosa algúns nós no seu desenvolvemento, dándolle un carácter leñoso. O anverso, baixo unha cartela en que aparece borrosa a inscrición *INRI*, mostra unha talla de Cristo cos seguinte trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, mais separados dela, como a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas, deixando ao descuberto os cravos; o perizoma está anoado ao lado dereito; posúe dobras de distinto tamaño; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso ten a imaxe mariana dunha Dolorosa, vestida cunha túnica e manto, que porta na súa man dereita un corazón atravesado por uns puñais.



Fig. 6. Cruceiro de Caboi (Caboi). Imaxe: F. Arribas.

Hai anos, o día da festividade do Perpetuo Socorro, que se celebra no mes de xuño, saía a procesión, que circunvalaba o cruceiro e retornaba á igrexa parroquial.

4.5. Cruceiro de Meidonín

Esta mostra relixiosa, de dominio privado, forma parte do patrimonio artístico do lugar de Meidonín, parroquia de Cela. A súa orientación é sur-norte e as súas coordenadas UTM son X=614.550/Y=4.778.110. Desde o punto de vista artístico, consta dunha serie de elementos que nunha orde ascendente están colocados da seguinte maneira (fig. 7):



Fig. 7. Cruceiro de Meidonín (Cela). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma de tres chanzos de cachotaría; o chanzo medio está deteriorado. Esta utilízase como soporte dunha base composta de tres tramos: o inferior, paralelepípedo; o medio, formado por unha gola (unión dunha moldura cóncava cunha convexa, sobresaíndo a cóncava); e o superior, formado por unha moldura convexa. A cara oeste presenta unha talla en relevo que simboliza a san Roque e un devoto; debaixo da talla aparece gravada unha inscrición en que se le SAN ROQUE; outra das caras amosa unha inscrición ilexible. A base alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto; a parte superior das caras oeste e leste están decoradas cunha esvástica; a cara sur está ornamentada cos símbolos da paixón. A súa disposición nunha orde descendente é a seguinte: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, un látego, unha lanza e unha escaleira de nove banzos; na parte inferior desta mesma cara aparece a epígrafe onde se reflicte a data do cruceiro: ANO DE 1885. O fuste serve de sostén a un capitel, de forma troncopiramidal invertida; está decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de querubíns nas súas caras. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; ademais, os extremos do brazo horizontal e da cabeceira son do tipo de cruz florenciada. O anverso amosa unha efixie cristolóxica coas seguintes peculiaridades: a cabeza, inclinada ao lado dereito; as mans aparecen abertas; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, mais separados dela, igual que a cabeza, o lombo e as pernas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, flexionadas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira; ao carón da talla do Cristo hai unha talla pequena de xeonllos. O reverso mostra unha advocación mariana, vestida cunha túnica e manto e colocada sobre unha media lúa; representa unha Inmaculada; antano, por riba do capitel, había outras tres tallas pequenas.

4.6. Cruceiro de Quintián

Esta expresión relixiosa, de dominio público, pertence ao lugar de Quintián, parroquia de Cela. Está situada ao carón dunha pista e preto do cemiterio parroquial. Ten unha orientación leste-oeste e as súas coordenadas UTM son X=614.550/Y=4.779.300. No seu conxunto amosa unha serie de partes claramente diferenciadas que nunha orde ascendente están dispostas da seguinte maneira (fig. 8):



Fig. 8. Cruceiro de Quintián (Cela). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma granítica de tres chanzos; o inferior, parcialmente soterrado. Non hai base; polo tanto, a plataforma úsase como sostén a un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos seus extremos, e coas arestas achafranadas³⁷ no resto; tampouco hai capitel, de aí que o fuste sirva de soporte a unha cruz latina, rústica, de sección cuadrangular. O anverso da cruz amosa unha umbela onde aparece en relevo a inscrición *INRI*, mais dunha maneira defectuosa; debaixo da inscrición hai unha efixie cristolóxica tallada directamente na cruz, coas seguintes peculiaridades: a cabeza do Cristo cunha coroa de espiñas maniféstase nunha situación frontal; aparece con longos cabelos e barba; os brazos están estendidos ao longo da cruz; as mans aparecen abertas e os seus dedos separados, mostrando unha imaxe nítida dos cravos; o perizoma está anoado no centro; e as pernas, colocadas nunha disposición paralela, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso

³⁷ Biseladas, rebaixadas.

mostra o relevo dunha advocación mariana tamén tallada directamente na propia peza; está vestida cunha túnica e manto nunha actitude orante. Probablemente se trate dunha Inmaculada debido á presenza dunha media lúa sedente baixo os seus pés; esta advocación mariana está flanqueada por unha roseta de seis pétalos e por un círculo con raios. Tanto a efixie cristolóxica como a imaxe mariana encóntranse nun estado deplorable, polo que é urxente a súa restauración.

Antano, os cativos que morrían sen bautizar adoitaban enterralos á beira do cruceiro. Por outra banda, ao carón do cemiterio está situada a igrexa parroquial, que ten na portada central unha inscrición onde se le o seguinte: FUE RECTIFICADA EN EL AÑO 1.777. Este cruceiro é moi semellante ao cruceiro de Bravos (Vicinte).

4.7. Cruceiro do campo da feira

Esta mostra popular, de dominio público, encóntrase no lugar do campo da feira, parroquia de Santiago de Gaioso. A súa orientación é sueste-noroeste e as súas coordenadas UTM son X=608.110/Y 4.775.080. Está situado nun cruzamento de camiños. Desde o punto de vista artístico, está composto dunha serie de elementos colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito (fig. 9):




Fig. 9. Fuste do cruceiro do campo da feira (Gaioso). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma granítica de tres chanzos, que se usa como soporte dunha base de tres tramos: o inferior e o medio formados por dous paralelepípedos de diferente tamaño, e o superior por unha moldura convexa a xeito de bocel ou toro. Esta prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; a parte superior do fuste, agás a cara sueste, está ornamentada cunhas rosetas; a cara sueste está decorada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: unhas tenaces, un martelo, unha escaleira de sete banzos e un látego; na parte inferior desta cara hai unha inscrición que reflicte a data en que foi construído o cruceiro: / AÑO / DE / 1900/; por baixo da data aparece en relevo unha representación da flaxelación de Cristo; a parte superior desta mesma cara amosa a epígrafe numérica 34. O fuste úsase como sostén dun capitel de forma troncopiramidal invertida que posúe un ábaco na parte superior e

un funículo na parte inferior; está ornamentado por volutas nos vértices superiores das arestas, uns cordóns de hábito que penden das arestas do capitel e cabezas de anxos nas súas caras; na parte superior hai unha inscrición ilexible, que pode facer alusión ás imaxes pequenas —home e muller— que flanquean a imaxe cristolóxica; o cumio desta manifestación relixiosa remata nunha cruz latina, de sección circular en ambos os dous brazos con algúns nós, o que lle da un carácter leñoso. O anverso da cruz, mostra, baixo unha cartela onde pode lerse a epígrafe *INRI*, unha efixie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha incipiente V, mais separados dela como a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha figura pequena de carácter feminino; a talla cristolóxica está flanqueada por dúas imaxes pequenas, posiblemente representativas da Virxe e de san Xoán. O reverso amosa unha advocación mariana da Piedade, sedente e vestida cunha túnica e manto; esta soporta no colo o corpo inerte do seu fillo, que mostra a cabeza caída para atrás mentres que as súas pernas caen perpendicularmente sobre a túnica, que cobre as pernas da Virxe (fig. 10).



Fig. 10. Capitel e cruz do cruceiro do campo da feira (Gaioso). Imaxe: F. Arribas.

A base, o capitel e unha das figuras pequenas que flanquean a imaxe cristolóxica foron restauradas hai uns anos.

4.8. Cruceiro da Lama

Esta manifestación relixiosa, de propiedade pública, forma parte do lugar entre a Lama e Longarela, parroquia de Santiago de Gaioso. Posúe unha orientación sur-norte; e as súas coordenadas UTM son X=708.100/Y=4.775.900. Está situada nun cruzamento de camiños. Desde o punto de vista artístico, mostra unha serie de elementos claramente diferenciados e colocados nunha orde ascendente da seguinte maneira (fig. 11):



Fig. 11. Cruceiro de Lama (Gaioso). Imaxe: F. Arribas.

Unha base formada por unha moldura convexa-cónca-va. A base úsase como sostén a un fuste monolítico de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; da parte superior das arestas penden como ornatos uns cordóns de hábito; a cara sur está decorada cos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: unhas tenaces, un martelo e unha escaleira de cinco banzos. O fuste serve de soporte a un capitel, que nunha orde descendente amosa os seguintes tramos: un ábaco, un equino, un filete, un caveto invertido e un filete. O conxunto remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos seus extremos e coas arestas bise-ladas no resto; ademais, mostra un tipo de cruz floren-ciada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso da cruz amosa unha pequena imaxe cristoló-xica de metal cos seguintes trazos: a cabeza inclinada ao lado dereito; as mans aparecen abertas; os brazos están estendidos ao longo da cruz; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as súas pernas, lixeiramente flexionadas, mostran o pé esquerdo sobre o dereito.

Antano, este cruceiro estaba colocado a un metro da súa actual localización debido a que aínda se perciben restos dun chanzos parcialmente ocultos.

4.9 Cruceiro de San Martiño

Esta mostra popular, de carácter relixioso e dominio público, encóntrase no lugar de San Martiño, parroquia de Guillar. Está situado ao carón da pista que leva á igrexa parroquial. As súas coordenadas UTM son X=612.650/Y=4.769.830. Desde unha óptica artística, podemos distinguir nunha disposición ascendente as seguintes partes (fig. 12):



Fig. 12. Cruceiro de San Martiño (Guillar). Imaxe: F. Arribas.

Plataforma granítica de dous chanzos; o inferior, soterrado; esta serve de soporte a unha base de dous tramos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, cunha tendencia á troncopiramidalidade. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e achafranado no resto. O fuste utilízase como sostén dun capitel de tres tramos: o inferior, formado por unha pequena estrutura paralelepípeda; o do medio, por unha moldura cóncava a xeito de caveto; e o superior, por un pequeno ábaco. O cume do cruceiro está formado por unha cruz de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; ademais, os extremos do brazo horizontal e vertical mostran un tipo de cruz potenziada³⁸. A intersección dos brazos está ornamentada cunha pequena roseta inscrita nun círculo.

Este cruceiro cambiouse de lugar no ano 1987. Denantes estaba situado a uns cen metros máis abaixo, seguindo a pista. No ano 1988 esta manifestación relixiosa foi reconstruída polo canteiro Juan Abad de Gaioso.

4.10. Cruceiro da igrexa de Martul

Esta expresión artística, de dominio público, forma parte dos bens culturais da parroquia de Martul. Está colocada no interior da ábsida da igrexa parroquial. Desde o punto de vista artístico, está constituída, nunha orde ascendente, polas seguintes partes (fig. 13):



Fig. 13. Cruceiro da Igrexa de Martul (Martul). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma granítica, de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, reducido, con tendencia á troncopiramidalidade. Esta úsase como soporte a unha base onde distinguimos dous corpos paralelepípedos de diferente tamaño. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección circular, que remata nun colariño; a parte inferior, amosa unha dobre moldura convexa de diferente tamaño (bocel ou toro), unidas por unha pequena moldura cóncava a xeito de escocia; este tramo está decorado por catro follas. O fuste serve de sostén a un capitel formado nunha orde descendente por tres tramos: un ábaco, un equino e

unha moldura convexa-cóncava. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; ademais, os extremos dos brazos da parte horizontal e da cabeceira son do tipo de cruz florenciada; a cruz apóiase nunha forma esférica.

O cruceiro fíxose hai uns corenta e cinco anos aproximadamente. Tanto o fuste como a cruz estaban no cemiterio por riba dun pendello, onde hai anos no seu interior adoitaban deixarse os cadaleitos mentres se celebraban os actos fúnebres no interior da igrexa parroquial. As partes correspondentes ao que hoxe nomeamos plataforma, base e capitel foron realizadas por Manuel Baamonde, canteiro da cidade de Lugo. De todos os xeitos, é mester facer alusión a que houbo fregueses que axudaron na súa feitura e colocación.

4.11. Cruceiro de San Paio

Esta manifestación popular, de dominio privado, forma parte do lugar de San Paio, parroquia de Parada. As súas coordenadas UTM son X=609.320/Y=4.769.630. Está situada ao carón da capela do San Paio. Desde unha perspectiva artística, consta dunha serie de pezas claramente diferenciadas que están dispostas nunha orde ascendente do seguinte xeito (fig. 14):



Fig. 14. Cruceiro de San Paio (Parada). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma granítica de tres chanzos que serve de apoio a unha base prismática cuadrangular e que se alonga nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavada no resto. Este actúa de sostén dun capitel en que hai que distinguir dous tramos: o inferior, de forma troncopiramidal invertida; e o superior, que amosa unha moldura convexa. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular no seu conxunto.

³⁸ Os extremos da cruz son lisos.

4.12. Cruceiro de Gondai

Esta expresión relixiosa, de dominio privado, encóntrase no lugar de Gondai, parroquia de Parada. Posúe unha orientación leste-oeste e as súas coordenadas UTM son X=611.040/Y=4.768.700. Está situado no interior dunha carballeira que pertence ao pazo de Gondai. Desde o punto de vista artístico, amosa unha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito (fig. 15):



Fig. 15. Cruceiro de Gondai (Parada). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma granítica, de dous chanzos, que serve de soporte a unha base de forma troncopiramidal. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. Este úsase como apoio dun capitel formado polos seguintes tramos, que están colocados nunha orde descendente do seguinte

xeito: un ábaco, un equino, un filete, unha moldura cóncava, unha moldura convexa (bocel) e un filete. O conxunto remata nunha cruz, de sección cuadrangular nos extremos e biselado no resto. O anverso da cruz mostra unha efixie de Cristo coas seguintes características: a cabeza inclinada ao lado dereito; os brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha incipiente V, mais separados dela, igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso ten unha advocación mariana da Piedade, sedente e vestida cunha túnica e manto; esta soporta no seu colo o corpo inerte do seu fillo.

4.13. Cruceiro de San Marcos

Esta mostra relixiosa, de dominio privado, forma parte do lugar de Fraiz (San Marcos), parroquia de Taboi. Está situada nun cruzamento de camiños. Fai linde entre os concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei. As súas coordenadas UTM son X=617.080/Y=4.779.230. Desde unha óptica relixiosa, consta dunha serie de pezas claramente diferenciadas que están colocadas do seguinte xeito nunha orde ascendente (fig. 16):

Unha plataforma de tres chanzos de cachotería³⁹ de diferente tamaño. Esta serve de sostén a unha base cúbica, algo irregular nalgunha das arestas. A base alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. Na parte inferior de dúas caras pode lerse a seguinte inscrición, que fai alusión a quen mandou construír o cruceiro, así como a data en que se realizou.

1.^a cara: AN / 1816 / 2.^a cara: O / JUL° / PEZ /

O fuste soporta un capitel que mostra dous tramos dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito: o tramo inferior é de forma troncopiramidal e o tramo superior é un pequeno ábaco. O cruceiro remata nunha cruz de sección cuadrangular en ambos os dous brazos que se apoia nun pequeno corpo prismático.

³⁹ Pedras sen labrar colocadas dun xeito irregular.

No cruceiro encóntranse elementos antigos e modernos. Foi restaurado por Darío Rozas González no ano 1989.



Fig. 16. Cruceiro de San Marcos (Taboi). Imaxe: F. Arribas.

4.14. Cruceiro de Bravos

Esta manifestación artística, de carácter público, forma parte do lugar de Bravos, parroquia de Vicente. Está situada nun cruzamento de camiños ao carón da estrada LU-P-3905 e cerca da capela da Virxe do Rosario⁴⁰. As súas coordenadas UTM son X=606.640/Y=4.767.820. Desde o punto de vista artístico, consta dunha serie de partes que nunha orde ascendente están colocadas da seguinte maneira (fig. 17):



Fig. 17. Cruceiro de Bravos (Vicente) Situación. Imaxe: F. Arribas.

Unha ampla peza ou zócolo triangular, que se usa como soporte dunha plataforma granítica de tres chanzos, de distinto tamaño e cos bordos superiores redondeados. Non hai base, polo que a plataforma serve de soporte a un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaxadas no resto; na parte inferior das caras oeste e sur do fuste hai as seguintes epígrafes con letras en relevo:

Cara oeste.: EST / E CRU / CERO / ICO. Cara sur: POR / VD / RO / OI (Arribas, 2013).

⁴⁰ Esta capela tivo a Confraría da Virxe do Rosario, que se fundou no ano 1704, de aí que este cruceiro poida datar desa época. Arribas Arias, F., Cruceiros senlleiros da provincia de Lugo. Dous singulares cruceiros en Outeiro: Bravos e Cela. Diario *El Progreso de Lugo*, 7-1-2013.

Non hai capitel, de aí que o fuste se use como sostén a unha cruz latina, rústica, de sección cuadrangular no seu conxunto. O anverso da cruz amosa unha umbela⁴¹ en que aparece en relevo a inscrición *INRI*; por baixo da inscrición aparece unha efixie cristolóxica tallada directamente na cruz; esta mostra as seguintes peculiaridades: a cabeza do Cristo cunha coroa de espiñas maniféstase nunha situación frontal; aparece con longos cabelos e barba; os brazos están estendidos ao longo da cruz; as mans aparecen abertas e os seus dedos separados, mostrando unha imaxe nítida dos cravos; o perizoma está anoadado no centro; e as pernas, colocadas nunha disposición paralela, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso mostra o relevo dunha advocación mariana tamén tallada directamente na propia peza; está vestida cunha túnica e manto nunha actitude orante; probablemente se trate dunha Inmaculada debido á presenza dunha media lúa sedente baixo os seus pés; esta advocación mariana está flanqueada por unha roseta de seis pétalos e por un círculo con raios. Non resulta inusual que estes elementos decorativos, que teñen unha orixe antiga, tivesen unha función apotropaica⁴² (fig. 18).



Fig. 18. Cruceiro de Bravos (Vicinte). Imaxe: F. Arribas.)

O pedestal triangular sobre o que se ergue o cruceiro está nun estado calamitoso de conservación. Ademais, hai unha fenda na parte superior do fuste e outra na talla mariana. Este cruceiro é moi semellante ao de Quintián (Cela).

4.15. Cruceiro de Vicente

Esta mostra relixiosa, de dominio público, encóntrase no lugar de Vicente, parroquia de Vicente. Ten unha orientación leste-oeste e as súas coordenadas UTM son X=606.520/Y=4.770.160. Está colocada nun cruzamento de camiños e ao carón da estrada de Lugo a Friol. No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos que nunha orde ascendente están dispostos da seguinte maneira (fig. 19):

41 Especie de dosel.

42 Ibídem. Carácter protector ante o mal.



Fig. 19. Cruceiro de Vicente (Vicinte). Imaxe: F. Arribas.

Unha plataforma granítica de tres chanzos que se usa como soporte dunha base formada por catro tramos colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito: o tramo inferior de forma paralelepípeda; o tramo medio mostra unha moldura cóncava (escocia); e o tramo superior amosa unha ampla moldura convexa (bocel ou toro) e unha moldura en filete. A base prolongase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; na parte inferior da cara leste hai unha placa de mármore onde se le a seguinte inscrición:

/ RECUERDO DEL ILMO. SR. / D. JOSE FERREIRO
/ GAYOSO / CANÓNIGO DE LA STA. IGLESIA /
/ CATEDRAL B. DE LUGO/.

O fuste serve de sostén a un capitel troncopiramidal que mostra os seguintes tramos diferenciados e colocados nunha orde ascendente da seguinte maneira: unha moldura en filete, unha pequena moldura convexa, unha pequena moldura cóncava, unha moldura cóncava (caveto), unha moldura en filete e un ábaco; a parte superior de cada unha das caras está ornamentada cunha pequena cabeza de anxo coas súas ás. O cume do cruceiro remata nunha cruz de cemento, de sección cuadrangular nos dous brazos. No reverso, hai unha advocación mariana, vestida cunha túnica e manto e coas mans na cintura.

4.16. Cruceiro de Vilela Grande

Esta manifestación relixiosa, de propiedade pública, forma parte do lugar de Vilela Grande, parroquia de Vilela. A súa orientación é oeste-leste e as súas coordenadas UTM son X=617.690/Y=4.776.400. Está situada no adro da igrexa parroquial. Desde unha óptica artística, está constituída por unha serie de partes claramente diferenciadas e colocadas nunha orde ascendente do seguinte xeito (fig. 20):



Fig. 20. Cruceiro de Vilela Grande (Vilela). Imaxe. F. Arribas.

Unha plataforma granítica de dous chanzos, o inferior parcialmente oculto pola vexetación, serve de apoio a unha base monolítica de dous elementos: o inferior, de forma paralelepípeda, e o superior, de forma

truncopiramidal. A base serve de soporte a un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. Este utilízase como sostén dun capitel con tendencia á truncopiramidalidade, separado do fuste por unha moldura convexa; a parte superior das súas caras está ornamentada por volutas nos vértices superiores das arestas e unha vieira entre follas de acanto; hai unha inscrición na cal se le: *Año 1982*. O cruceiro remata nunha cruz de sección circular en ambos os dous brazos, mostrando ademais algúns nós; de aí o seu carácter leñoso. O anverso amosa, baixo unha cartela, unha efíxie cristolóxica coas seguintes características: a cabeza, inclinada ao lado dereito; os brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha leve V, mais separados dela, igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso mostra unha advocación mariana sobre unha peaña; está vestida cunha túnica e manto, e coas mans unidas nunha actitude orante; o manto amosa relevantes dobras en zigzag.

Este cruceiro foi construído polo escultor lucense Manuel Mallo. Ao carón do cruceiro hai unha pía bautismal e unha mesa de cantaría que se usa nas festividades locais para concelebrar o Santo Oficio.

5. Conclusións

Estas manifestacións da arte popular son bens relevantes do patrimonio cultural e ademais dignifican coa súa presenza ao ámbito territorial onde están situadas. Non obstante, algunhas delas encóntranse nun mal estado de conservación, xa que teñen fungos e están rodeados de abundante vexetación de toda índole; ademais, algúns dos seus elementos están deteriorados. Polo tanto, é mester que o Concello de Outeiro de Rei, contando cun persoal especializado e coas autorizacións pertinentes, poida limpar e arranxar os cruceiros que se encontran mal conservados ou estragados, e que son os seguintes:

Cruceiro de Caboi. O chanzo superior da plataforma está roto nun dos seus extremos.

Cruceiro de Meidonín (Cela). Hai fendas no chanzo medio da plataforma e na base.

Cruceiro de Quintián (Cela). Mal estado de conservación no seu conxunto; as tallas de Cristo e da Virxe están moi erosionadas.

Cruceiro de Gondai (Parada). Unha parte da cara oeste do capitel está deteriorada.

Cruceiro de Bravos (Vicinte). O zócolo sobre o que se levanta esta manifestación relixiosa está chea de vexetación; ademais, ten unha fenda na parte superior do fuste e outra na imaxe mariana.

Cruceiro de Vicinte. O chanzo inferior da plataforma está roto nunha esquina.

6. Bibliografía

Arribas Arias, F. e Blanco Prado, J. M. (1999). Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz, *Cadernos do Seminario de Sargadelos n.º 81*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro.

Arribas Arias, F. e Blanco Prado, J. M. (2000). Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade, *Cadernos do Seminario de Sargadelos, n.º 87*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro.

Arribas Arias, F. e Blanco Prado, J. M. (2004). Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces de Xermade, *Cadernos do Seminario de Sargadelos, n.º 94*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro.

Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, M. (2007). Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos, Cruces e Esmoleiros de Abadín, *Cadernos do Seminario de Sargadelos, n.º 96*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro.

Arribas Arias, F., Blanco Prado, J. M. e Saavedra Pérez, M. (2011). *Cruceiros do Concello de Vilalba*, Vilalba (Lugo): IESCH.

Arribas Arias, F. (2021). *Cruceiros, cruces, viacrucis e esmoleiros do Concello de Friol*. Ed. patrocinada polo Concello de Friol.

Arribas Arias, F. (2013). Cruceiros senlleiros da provincia de Lugo. Dous singulares cruceiros en Outeiro: Bravos e Cela. Diario *El Progreso de Lugo*, 7-I-2013.

Arribas Arias, F. (2013). Cruceiros senlleiros da Provincia de Lugo. Cruceiro de San Martiño de Caboi (Outeiro de Rei), en Diario *El Progreso de Lugo*, 11-IV-2013.

Blanco Prado, J. M. e Rodríguez Sánchez, M. (1988). *Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial.

Blanco Prado, J. M. e Muñiz Besteiro, M. (2023). Os cruceiros do municipio de Láncara. En *Lucensia. Miscelánea de Cultura e Investigación, n.º 67*. Lugo: Biblioteca Seminario Diocesano de Lugo, pp. 31-63.

Burgoa Fernández, J. J. (2003). Los Cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular. Asociación de Ferrolterra de Amigos dos Cruceiros. *Cadernos do Seminario de Sargadelos, n.º 93*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro.

Díaz Román, B. (1993). *Galicia, pueblo a pueblo*, A Coruña: *La Voz de Galicia*, p. 952.

Equipo “Ir indo” (2005): *Galicia en Comarca. Lugo, n.º 15*, Vigo, Ed. Ir Indo, p. 141.

Fernández de la Cigoña, E. (2002). *Esmoleiros, petos e cruceiros de ánimas de Lugo*, Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía.

Figueroa Paz, A. V. Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX). Autor dos mapas de localización e do debuxo dun cruceiro.

González Pérez, C. (2003). Os Cruceiros. Santiago: *Cadernos Museo do Pobo Galego, 12*, Fundación Caixa Galicia.

Laredo Verdejo, J. M. (1993). *Os nosos cruceiros*. A Coruña: Boreal-Xuntanza Editorial, tomo II.

Muñiz Besteiro, M. (2011). *Itinerarios polo Concello de Castroverde*, Lugo: Amigos do Patrimonio de Castroverde.

Rodríguez Castelao, A. (1975). *As cruces de pedra na Galiza*, Madrid: Akal (Ed. Facsímile).